

ORDE do 29 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións Xempre Emprendemento para apoiar iniciativas de emprendemento, e se procede á súa convocatoria para a anualidade de 2022. Consellería De Promoción Do Emprego E Igualdade. DOG Nº 187, 30/09/2022

Obxecto

A finalidade destas axudas é facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica, a súa competitividade e, en definitiva, manter os empregos de calidade, a través do **apoio ao financiamento do investimento realizado e pagado entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a data da presentación da solicitude.**

Ter iniciada a súa actividade económica no período que transcorre entre o **1 de xaneiro de 2020 ata a data de presentación da solicitude**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as **persoas traballadoras autónomas** e as **pequenas e medianas empresas**,

Conceptos subvencionables

1. Serán subvencionables os investimentos que correspondan de xeito indubidable ao proxecto empresarial que **iniciou a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2020.**

- Equipamento informático.
- Activos intanxibles: activos que no teñen unha materialización física ou financeira.
- Investimentos en eficiencia enerxética.
- Adquisición de bens de equipamento e mobiliario.
- Reforma e habilitación das instalacións do local de negocio.
- A adquisición de activos pertencentes a un establecemento ou de bens de equipamento de segunda man serán subvencionables sempre que cumpran unha serie de requisitos.

2. Os investimentos terán que estar **realizados e pagados dentro do prazo de execución, que abrangue desde o 1 de xaneiro de 2022 ata a data da presentación da solicitude.**

Contía das axudas

A contía da axuda terá as seguintes porcentaxes de intensidade en función do rango de investimento total realizado:

- a) Con investimentos de 5.000 € ou máis ata un límite de 10.000 €, a contía da axuda será do **60 % do investimento**.
- b) Con investimentos de 10.001 € ou máis ata un límite de 30.000 €, a contía da axuda será do **50 % do investimento**.
- c) Con investimentos de 30.001 € ou máis ata un límite de 50.000 €, a contía da axuda será do **40 % do investimento**.
- d) Con investimentos de 50.001 € ou máis ata un límite de 100.000 €, a contía da axuda será do **30 % do investimento**.

Prazo de solicitudes

O prazo xeral para a presentación de solicitudes **finalizará o 4 de novembro de 2022**